

ACTA NÚMERO: 3/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 12 horas do día 26 de xaneiro de 2023 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral en substitución do Secretario Xeral da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 19 de xaneiro de 2023 (Reunión 2/2023).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves (Expediente IDAE: PR-D5000-2021-001599). (Expte.-2022067625).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. ***Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día, 19 de xaneiro de 2023 (Reunión 2/2023).***



Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 19 de xaneiro de 2023 (Reunión 2/2023).

2. *Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e As Neves (Expediente IDAE: PR-D5000-2021-001599). (Expte.- 2022067625).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 202300046 de data 9 de xaneiro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibles II: instalación de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves (expediente IDAE PR-D5000-2021-001599) financiado nun 85% polo FEDER.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de xaneiro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto.



A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos, supervisión e xustificación dos traballos de mellora da eficiencia enerxética nas instalación de aerotermia sostibles II: instalación de aproveitamento da enerxía aerotérmica nos concellos de Catoira e as Neves.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as doce horas e cinco minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

